

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

**REUNIDOS**

Dunha parte,

Don Xosé Antonio Sánchez Bugallo, Excmo. Sr. Alcalde-presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela que actúa en nome e representación do Concello de Santiago de Compostela, en virtude das competencias que lle son recoñecidas a este polos artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; con CIF nº P1507900G e, domicilio social en Praza do Obradoiro, s/n, 15705 de Santiago de Compostela.

E doutra,

Don xxxxxxxxx, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación da citada universidade, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 35/2022, do 17 de marzo, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, conforme ao establecido polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e polo artigo 85 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, con CIF Q1518001A, e domicilio en Pazo de San Xerome- Praza do Obradoiro s/n, CP 15705 de Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto

## EXPOÑEN

### **Primeiro.**

Consonte ao artigo 21.2 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de Mulleres e Home, as Entidades Locais integrarán o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborarán, a tal efecto, co resto das Administracións públicas. No ámbito galego, o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade regula no capítulo VIII do título I a colaboración autonómica coas corporacións locais, en particular para a creación e mantemento de plans municipais de igualdade e promoción e creación de concellarías da muller e no capítulo III do título IV a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación.

Pola súa banda, e tamén no ámbito galego, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, lembra nos seus principios o de cooperación e coordinación, consonte ao cal os Concellos, como administración máis achegada á cidadanía participarán no desenvolvemento da lei, habilitándose por parte da administración galega os recursos necesarios a tal fin (artigo 4.5). No ámbito estatal, de acordo co artigo 19.1 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, as mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais, responderá aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.

Como tales dereitos sociais, o Concello de Santiago de Compostela vén desenvolvendo de conformidade cos artigos 25.2.e) e 26.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, 27 decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, a súa competencia de obrigado exercicio respecto á avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, incluíndo situacións de violencia de xénero e incluíndo o dereito á igualdade por razón de xénero, e, conforme ao disposto na sentenza do Tribunal Constitucional 41/2016, de 3 de marzo de 2016.

Mediante a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, os poderes públicos galegos garanten como dereito recoñecible e exixible o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan en función da valoración obxectiva das súas necesidades, co fin de posibilitar que a súa liberdade e igualdade sexan reais e efectivas, removendo os atrancos que impiden ou dificultan a súa plenitude e facilitando a participación de todas e todos na vida política, económica, cultural e social (artigo 1º.2).

Finalmente, a Carta Europea para a Igualdade de Mulleres e Homes na vida local (Consello de Municipios e Rexións de Europa, 2006) incide en que as autoridades locais e rexionais, que son as esferas de goberno máis achegadas á poboación, representan os niveis de intervención máis axeitados para combater a persistencia e a reprodución das desigualdades e para promover unha sociedade verdadeiramente igualitaria.

Así, neste marco, o Concello promove a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, un dereito básico recollido en diferentes normas e leis. Dende a Concellaría de Políticas de Igualdade, trabállase por unha intervención pública e cidadá sistemática e integral que remova os obstáculos e evite a discriminación por razón de sexo, cunhas políticas que garantan a igualdade real entre mulleres e homes, a igualdade de responsabilidades e dereitos. As políticas de xénero impregnan toda a acción municipal, con propostas en todos os ámbitos ao tempo que se aplican medidas específicas destinadas á mellora da situación das mulleres.

## **Segundo.**

A Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, en dous niveis de actuación, comunitaria e especializada, e con carácter xeral correspóndelles aos concellos a competencia na creación e xestión dos servizos sociais comunitarios. Estes pola súa vez, diferéncianse en dous subniveis: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos, sendo os primeiros unha exigencia universal para a Administración local galega e un elemento clave para garantir o acceso ao sistema galego de servizos sociais. Por tal motivo o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece que os servizos sociais comunitarios garanten o carácter integrador e coordinado de toda intervención social realizada con persoas ou grupos diversos, atribuíndoselles sobre este particular a función de fomento da cooperación e solidariedade social, que facilite a participación comunitaria en tarefas colectivas, impulse o asociacionismo solidario e, en especial, a organización e coordinación do voluntariado social (artigo 9.1.e).

Mediante o programa de fomento da cooperación e da solidariedade social os servizos sociais comunitarios fomentarán a solidariedade entre os membros da comunidade local, e no desenvolvemento priorizarase o intercambio xeracional, a interculturalidade e as medidas de acción positiva para a consecución da igualdade, e prestarase especial atención á prevención da violencia de xénero (artigo 24).

## **Terceiro**

En resposta ao artigo 9.2 da Constitución, en defensa dos dereitos e promoción dos intereses sociais, o Concello de Santiago de Compostela vén promovendo ás condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, así como a remoción dos obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude, facilitando a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social.

Con este referente, que é coincidente coa propia filosofía dos servizos sociais, entendidos estes como instrumento da política social, no ánimo de acadar a xustiza e a calidade de vida dos individuos e grupos, pola vía da promoción da participación, nun trato de igualdade e non exento de consideración ás peculiaridades dos diferentes colectivos e grupos, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve, no ámbito das súas competencias, programas e actuacións co fin de garantir a calidade de vida e unha orde social máis xusta e solidaria.

#### **Cuarto.**

A Universidade de Santiago de Compostela é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que goza de autonomía, de acordo co Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, e no marco da lexislación vixente. Desenvolve actividades de Formación, Investigación e Desenvolvemento científico e Tecnolóxico. Está interesada en colaborar cos sectores socioeconómicos e coas institucións. E está debidamente inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número F-1064 nas áreas de actuación de comunidade, discapacidade, familia, igualdade, infancia, maiores e menores.

Segundo o artigo 4 dos seus estatutos, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, propiciará o establecemento de relacións con outras universidades, organizacións e institucións, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

#### **Quinto.**

O Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela, en consonancia coa filosofía da diversidade, da igualdade social e da integración, teñen o propósito de dar estabilidade á colaboración que se vén producindo entre ambas as dúas entidades, dado que a complexidade dos problemas sociais require da implicación de distintos colectivos e institucións públicas e privadas no camiño de conseguir a xustiza e a igualdade social.

Co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, e de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente e, polo que as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA. OBXECTO**

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela para levar a cabo **ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á FORMACIÓN, DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE IGUALDADE DE XÉNERO**

O carácter singular do presente convenio, vén determinado por razóns de interese público, social e humanitario. As tres universidades públicas galegas posúen oficinas de igualdade de xénero que teñen como misión fundamental levar a bo termo o compromiso das universidades coa sociedade na consecución da igualdade real entre homes e mulleres, asumindo os principios de dignidade humana con independencia do sexo das persoas, igualdade e equidade de xénero como elementos fundamentais da actividade universitaria. O evidente interese social e o gran labor desenvolto polas universidades levan ao Concello de Santiago de Compostela a establecer unha colaboración o máis estreita posible coa universidade pública asentada no termo municipal.

### **SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO.**

Este convenio ten carácter administrativo, de acordo co disposto no artigo 6.1.c da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, vindo o seu réxime xurídico determinado polas cláusulas establecidas no convenio; pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; pola Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e pola lexislación de Réxime Local aplicable ao caso; e, no que resultasen imperativamente aplicable, polos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e, previo ditame non vinculante da comisión á cal fai referencia a cláusula décimo primeira, resolveranse motivadamente pola Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin a vía administrativa. Contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses dende a notificación da resolución e nos termos previstos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

### **TERCEIRA. ENTIDADE BENEFICIARIA E CONTIDO.**

**Denominación do Proxecto: “ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á FORMACIÓN, DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE IGUALDADE DE XÉNERO”**

**Descrición do proxecto/programa:** O compromiso social da Universidade de Santiago de Compostela (USC) coa consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes faise efectivo no desenvolvemento de accións de formación, difusión e sensibilización en materia de igualdade e deconstrución de estereotipos de xénero.

O presente programa, a desenvolver no período de xaneiro a setembro de 2022, estrutúrase nas seguintes iniciativas:

- “XIV Xornadas e VI Xornadas Internacionais de Formación, Educación, Xénero e Igualdade” organizadas polo Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos do Xénero da USC (CIFEX)
  - 7ª Edición do Programa “Unha enxeñeira ou científica en cada cole” (dirixido ao alumnado dos centros de educación primaria do Concello de Santiago de Compostela)
  - XIII Edición dos Premios á introdución da Perspectiva de Xénero na Docencia e na Investigación da USC (os primeiros, segundos e terceiros premios de ámbalas dúas modalidades)

As dúas últimas actividades estarán coordinadas pola Oficina de Igualdade de Xénero da USC (OIX)

### **Obxectivos e Prioridades:**

#### **Obxectivos Xerais:**

- Combater a persistencia e a reprodución das desigualdades de xénero e promover unha sociedade igualitaria.
- Fomentar a incorporación do enfoque de xénero na difusión do coñecemento

Obxectivos Específicos:

- Fomentar unha imaxe positiva da acción de xénero como ferramenta de transformación social
- Promover a igualdade de oportunidades e o equilibrio na presenza entre as alumnas e os alumnos nas titulacións universitarias
- Visibilizar o traballo das científicas e promover a creación de referentes femininos na ciencia.
- Potenciar a integración da perspectiva de xénero nos contidos de formación e investigación da USC de forma transversal e como criterio de excelencia académica
- Difusión das investigacións desenvolvidas na USC sobre as relacións de xénero como ferramenta de transformación social.

Ámbito territorial:

- Concello de Santiago de Compostela
- Universidade de Santiago de Compostela; centros de educación infantil do concello.

Persoas destinatarias das actividades do proxecto:

- Comunidade universitaria da USC e exalumnado; persoal de entidades que traballa en prol da igualdade, público en xeral
- Alumnado de Educación Infantil e Primaria
- Persoal docente e investigador da USC

Explicar o impacto previsto na comunidade destinataria do proxecto, así como o efecto multiplicador e o seguimento:

O impacto científico e social das actividades propostas vai encamiñado ao avance no labor de colaboración das entidades (Concello de Santiago de Compostela e USC) no obxectivo común da promoción da igualdade de xénero.

O efecto multiplicador desta colaboración cobra especial importancia na continuidade de actividades implementadas en anos anteriores.

### **Recursos humanos e materiais implicados na organización do proxecto:**

Persoal do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX-USC); persoal da Oficina de Igualdade de Xénero (OIX-USC); persoal docente e investigador da USC e do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA).

### **Avaliación dos resultados:**

Indicadores de seguimento como número de participantes (desagregados por sexo) ou enquisas de satisfacción (a dirección dos CEIPs implicados); así como a análise dos indicadores.

### **Visibilidade do proxecto e como se vai a difundir:**

Todas estas actividades serán difundidas no sitio web da Oficina de Igualdade de Xénero, así como no Xornal e redes sociais da USC. Envío de notas de prensa ao medios, a través do Gabinete de Comunicación da USC; elaboración e difusión de materiais..

### **Datas:**

De xaneiro a setembro de 2022.

### **ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER NO PROXECTO:**

#### **1.Nome da Actividade:**

**XIV XORNADAS e VI XORNADAS INTERNACIONAIS DE FORMACIÓN, EDUCACIÓN, XÉNERO E IGUALDADE”:"A DES-EDUCACIÓN: PORNOGRAFÍA E VIOLENCIAS SEXUAIS”.**

**Descrición:** Organización de actividades con impacto científico, social e político, contemplando moi particularmente o labor de colaboración social, así como, o coñecemento en profundidade dos procesos de transformacións sociais que se xeran na nosa sociedade, para lograr unha maior igualdade nas relacións entre mulleres e homes, e un cambio da imaxe científica e social das mulleres.

#### **OBXECTIVO DESTA ACTIVIDADE:**

**Obxectivo Xeral:** - Fomentar e difundir a investigación na perspectiva de xénero no marco da USC.

#### **Obxectivo Específico:**

- Perseguir a elaboración e difusión do coñecemento científico acerca das relacións de xénero e das mulleres dende perspectivas científicas múltiples, no contexto sociocultural concreto no que a USC se insire. Este coñecemento é básico para o desenvolvemento social da sociedade actual, especialmente a galega.

**Persoas destinatarias exclusivamente da actividade:**

- Mulleres e homes de Compostela, así como a entidades que traballan a prol da muller deste concello, para o persoal propio da concellaría de Igualdade, co obxecto de fomentar o coñecemento en materia de igualdade de xénero e de loita contra a violencia de xénero.

-Persoas especialistas e interesadas na temática do ámbito universitario e comunitario social e político do contexto autonómico, nacional e internacional.

-Alumnado do Mestrado de Igualdade, Xénero e Educación, comunidade universitaria e demais persoas interesadas.

**Lugar de realización:**

Universidade de Santiago de Compostela e Concello de Santiago

**Actividades de planificación e execución:**

-Difusión de investigación con enfoque de xénero a través de publicacións e da celebración de xornadas

**Recursos Humanos e Materiais implicados na organización das actividades:**

-Colaboran nas actividades os membros e persoas vinculadas ao CIFEX, do Master de Igualdade, Xénero e Educación e a USC.

-Infraestruturas do CIFEX e da USC.

**Datas:**

-De xullo a setembro 2022.

**2. Nome da Actividade:**

**7ª EDICIÓN DO PROGRAMA “UNHA ENXEÑEIRA OU CIENTÍFICA EN CADA COLE”**

**Descrición:** Realización de obradoiros, dirixidos ao alumnado de centros de educación primaria do Concello de Santiago, nos que se amosa a relación da ciencia e da tecnoloxía coa nosa vida cotiá e que servirían para achegar ao alumnado a estas disciplinas dun xeito lúdico. Estes obradoiros serán impartidos por científicas ou enxeñeiras, xa que é de grande

importancia contar con referentes femininos que sirvan de modelos a nenas e adolescentes para motivalas nos estudos relacionados con estas disciplinas.

Nesta 7ª edición impartiranse en liña a través de vídeos nos que se propoñen obradoiros de temática moi variada: física, matemáticas, computación, química ou óptica que achegan de forma divertida estas disciplinas ao alumnado de primaria, e amosan as contribucións das mulleres en áreas como a astronomía.

**Obxectivo xeral.** Promover a igualdade de oportunidades e o equilibrio na presenza entre as alumnas e os alumnos nas titulacións da USC. Dar continuidade ao programa de promoción de vocacións científicas nas mulleres iniciado no 2016. Promover elección de titulación non baseadas en roles tradicionais de xénero.

**Obxectivo Específico.** Incentivar a presenza de rapazas en carreiras relacionadas coas disciplinas CTEM (ciencia, enxeñería, tecnoloxía e matemáticas), que rachen cos estereotipos sexistas da nosa sociedade, mediante actividades didácticas, dirixidas ao alumando de primaria

**Persoas destinatarias da actividade:**

A actividade está dirixida ao alumnado de primaria xa que hai estudos que indican que a esta idade aínda non hai fenda de xénero e son os estereotipos sexistas, que hai na nosa sociedade, os que a provocan.

**Lugar de realización:**

-Modalidade virtual

**Actividades de planificación e execución:**

- Proposta aos centros por correo electrónico.
- Recepción de inscricións dos centros de educación infantil e primaria (CEIP).
- Envío de ligazóns aos distintos vídeos dos obradoiros e relatoras.
- Actualización da web do programa.
- Reparto de material de difusión.
- Impartición dos obradoiros por científicas ou enxeñeiras.
- Envío de enquisas de satisfacción ás direccións dos centros.

### **Recursos Humanos e Materiais implicados na organización das actividades:**

Profesoras e investigadoras da Universidade de Santiago de Compostela e do CESGA.

O material a empregar nos obradoiros dependerá da actividade didáctica.

### **Datas:**

-Febreiro-Xullo de 2022

---

### **3. .Nome da Actividade:**

#### **XIII EDICIÓN DOS PREMIOS Á INTRODUCCIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA DOCENCIA E NA INVESTIGACIÓN (1º,2º e 3º premios de ámbalas dúas modalidades).**

Descrición: Convocatoria de premios á introdución da perspectiva de xénero nas modalidades de docencia e investigación. Esta actividade está organizada pola Oficina de Igualdade de Xénero da USC.

**Obxectivo Xeral:** Dar continuidade a unha iniciativa seleccionada polo *European Institute for Gender Equality* (EIGE) como unha das dez mellores boas prácticas de promoción da igualdade de xénero nas universidades e centros de investigación de entre máis de 50 de toda a Unión Europea.

**Obxectivo Específico.** Promover a integración da perspectiva de xénero nos contidos de formación, transmisión da investigación da USC e avanzar na consideración desta perspectiva de forma transversal en calquera actividade de carácter científico ou académico, como criterio de excelencia.

### **Persoas destinatarias da actividade:**

-Persoal docente e investigador da USC

### **Lugar de realización:**

Universidade de Santiago de Compostela.

### **Actividades de planificación e execución:**

- Convocatoria
- Prazo de presentación
- Reunións do xurado

- Entrega de premios

### **Recursos Humanos e Materiais implicados na organización das actividades:**

- Persoal da USC

### **Datas:**

Abril-Setembro 2022

### **CUARTA. COMPATIBILIDADE**

Esta subvención é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada.

Para o caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

### **QUINTA. ORZAMENTO**

Para a realización das actividades descritas no presente convenio o Concello de Santiago de Compostela achegará a cantidade de **11.000 € (ONCE MIL EUROS)** con cargo á aplicación orzamentaria **050 23102 4890002/2022** dos orzamentos xerais municipais, segundo o previsto nos artigos 31, 32, 33 e no Anexo ao Estado de Gastos dos Capítulos IV e VII das Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022.

A Universidade de Santiago de Compostela destinará as achegas feitas polo Concello de Santiago de Compostela a sufragar os gastos correntes derivados dos servizos realizados no marco do programa obxecto deste convenio.

A Universidade de Santiago de Compostela achegará os recursos materiais e humanos para levar a termo as actividades sinaladas anteriormente e responsabilizarase e asumirá a coordinación total das actividades.

De non xustificar o importe total da subvención concedida, e sempre e cando se acadase a finalidade perseguida polo convenio, o Concello de Santiago de Compostela minorará a súa achega proporcionalmente ao importe xustificado.

## **SEXTA. XUSTIFICACIÓN E MODO DE PAGAMENTO**

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase coa xustificación do cumprimento da finalidade da subvención, a realización das actividades, e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa nos termos establecidos na normativa comunitaria e nacional de aplicación, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e integrada polos documentos que a continuación se sinalan:

### **1. Memoria de actuación.**

**a. Memoria de actuación**, expedida polo órgano competente da Universidade de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

**b. Acreditación documental, material ou gráfica** (fotografías, fotocopias, captura de pantallas...) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada, segundo o disposto na cláusula novena deste convenio.

### **2. Memoria económica xustificativa** do custo das actividades realizadas, que incluírá:

**a) Certificación**, expedida polo órgano competente da Universidade de Santiago de Compostela dos gastos realizados segundo o disposto no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que indica expresamente: *“No caso das subvencións concedidas a outras administracións públicas ou entidades vinculadas ou dependentes daquelas e ás universidades, a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida*”

**b) Declaración responsable das axudas concedidas ou solicitadas** para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

**A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 30 de setembro de 2022 e deberá presentarse no Concello de Santiago de Compostela con data límite 30 de setembro de 2022.**

#### **SÉTIMA. OBRIGAS**

A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a:

1. Facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos competentes do Concello de Santiago de Compostela, e calquera outro órgano con competencias en materia de control de fondos públicos no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, comprometéndose a manter unha separación contable axeitada para os gastos relacionados coa axuda para facilitar a “pista de auditoría”.
2. Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e tamén se compromete a cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei.
3. Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
4. Promover nas actuacións subvencionables a igualdade entre homes e mulleres, a eliminación de todas as formas de discriminación de xénero, así como aquelas que favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.

#### **OITAVA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto e o Concello de Santiago de Compostela, os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes, nin se lle poderá esixir ao Concello de Santiago de Compostela ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria.

## **NOVENA. PUBLICIDADE, TRANSPARENCIA E COLABORACIÓN**

1. As partes comprométense ao cumprimento das obrigas derivadas da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e demais normativa de aplicación, en particular ás obrigas de publicidade activa.

2. Asemade, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa modifica o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e establece que a partir do 1 de xaneiro de 2016 serán de aplicación as disposicións que en materia de publicidade se recollen no apartado 20.8 e as correlativas dos artigos 17.3.b), 18 e 23.2, sinalándose no apartado 20.8 que convocar unha subvención sen seguir o procedemento indicado na propia lei será causa de anulabilidade da convocatoria.

Correlativamente, a Resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (BOE N° 299, de 15 de decembro de 2015), no seu apartado Terceiro.1 sinala que as bases reguladoras aprobaranse e publicaranse de acordo co réxime que en cada Administración teña establecido para a eficacia das disposicións administrativas, rexendo con carácter xeral o réxime aplicable recollido no artigo 37 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Na mesma resolución, no seu apartado Cuarto, régulase o fornecemento de información da convocatoria á BDNS:

1. A información será fornecida polos órganos xestores. Dentro de cada órgano deberán establecerse os mecanismos que garantan que a convocatoria e o extracto que se fornecen á BDNS foron aprobados nos mesmos termos pola autoridade competente.
2. O órgano xestor fornecerá á BDNS en todo caso:
  - a) O texto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.
  - b) O texto do extracto da convocatoria na lingua española oficial do Estado.

c) Os datos estruturados da convocatoria, na lingua española oficial do Estado. Entre eles figurará o diario oficial no que deba publicarse o extracto.

Ademais, poderá incluír:

d) Os mesmos textos da convocatoria e do extracto nunha segunda lingua oficial.

e) Outros documentos, como formularios de solicitude, instrucións de cumprimento, documentos de axuda e información, etc., que contribúan aos fins de publicidade e transparencia facilitando o seu acceso aos posibles interesados.

A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados nos termos previstos pola citada normativa vixente. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da Universidade de Santiago de Compostela a favor do Concello de Santiago de Compostela para o tratamento necesario dos datos relevantes da subvención concedida e a súa publicidade.

3. A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a:

1. Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice no desenvolvemento deste convenio o financiamento do Concello de Santiago de Compostela, así como os seus correspondentes logotipos ou aqueloutros que se determinen. En concreto, deberá figurar de forma visible un cartel informativo que indique este cofinanciamento no lugar onde se realicen as actividades, e constar en toda a documentación, publicacións, actuacións de difusión ou convocatorias relativas ou resultantes das actividades obxecto deste convenio.
2. Comunicarlle ao Concello de Santiago de Compostela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentan a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. Facilitar a actuación do persoal técnico do Concello de Santiago de Compostela no referente ao seguimento das actividades obxecto da subvención e remitirle un informe final detallado das actuacións levadas a termo.

### **DÉCIMA. MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO**

Serán causa de revogación deste convenio as recollidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en especial, o incumprimento dalgunha das estipulacións contidas nas súas cláusulas.

A subvención concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da subvención contemplada no presente convenio.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

Procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida xunto cos xuros de demora devengados dende o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. O incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da subvención percibida.

2. Calquera outro incumprimento considerarase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a subvención, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

Para o caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederáse á súa inmediata disolución. Concorridos tales supostos reintegraranse á tesourería municipal as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese. En todo caso, a Universidade de Santiago de Compostela sométese á normativa vixente en materia de subvencións, referenciada na cláusula segunda.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA. SEGUIMENTO E CONTROL**

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constitúese unha comisión mixta que estará integrada por:

- Polo Concello de Santiago de Compostela, a Concelleira-delegada da Área de Concellaría de Igualdade, que poderá dispor a súa substitución por persoal da área.
- Pola Universidade de Santiago de Compostela, o seu Excmo. reitor magnífico ou a persoa que dispoña para que o substitúa.

Sen prexuízo do anterior, todas aquelas cuestións relacionadas co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas polo Concello de Santiago de Compostela.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA.**

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, se ben serán subvencionables ao abeiro do mesmo coas achegas feitas polo Concello de Santiago de Compostela as accións englobadas no presente convenio que a Universidade de Santiago de Compostela realizase dende o 1 de xaneiro de 2022 ata a data límite para a presentación da xustificación, indicada na cláusula sexta.



E en proba de conformidade, este convenio se asina mediante sinatura electrónica

Don Xosé Antonio Sánchez Bugallo Concello de Santiago de Compostela.	xxxxxxxxxxxxxxxxxxxx Universidade de Santiago de Compostela

**ANEXO I**

**ORZAMENTO DESAGREGADO ONDE CONSTAN OS CUSTOS ESTIMADOS DOS CONCEPTOS DO PROXECTO/ACTIVIDADE OBXECTO DO CONVENIO E PARA OS CALES SE SOLICITA A SUBVENCIÓN**

**ACTIVIDADE/PROGRAMA: “ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á FORMACIÓN, DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN EN MATERIA DE IGUALDADE DE XÉNERO.”**

CONCEPTOS	ORZAMENTO 2022
<b><u>1.”XIV Xornadas e VI Xornadas Internacionais de Formación, Educación, Xénero e Igualdade: “A des-educación: Pornografía e violencias sexuais”</u></b>	<b>1.500 €</b>
<b><u>CONCEPTOS:</u></b>	
Material funxible e gastos de difusión	300 €
Retribucións por conferencias	1.200 €
<b><u>2.7ª Edición do Programa: “Unha enxeñeira ou científica en cada cole”</u></b>	<b>5.000 €</b>
<b><u>CONCEPTOS:</u></b>	
Retribucións por cursos obradoiros	2.500 €
Material funxible. Desenvolvemento dos obradoiros	1.800 €
Publicidade en medios	700 €
<b><u>3.XIII Edición dos Premios á introdución da Perspectiva de Xénero na Docencia e na Investigación-premios de ámbalas dúas modalidades.</u></b>	<b>4.500 €</b>
1º premio modalidade A: 1.000 €	
2º premio modalidade A: 750 €	
3º premio modalidade A: 500 €	
1º premio modalidade B: 1.000 €	
2º premio modalidade B: 750 €	
3º premio modalidade A: 500 €	
<b>TOTAL</b>	<b>11.000 €</b>

Non poderán incluírse gastos por adquisición de equipamento e material inventariable, nin gastos ordinarios de funcionamento que non estean asociados co proxecto subvencionado. Non poderán ser subvencionados os gastos correspondentes ás retribucións do persoal que non teñan unha relación laboral coas entidades beneficiarias e desenvolvan o proxecto ou programa subvencionado. Non serán subvencionables gastos de manutención (comidas, consumicións, servizo de restauración, etc), nin tampouco dietas do persoal destinado a desenvolver o proxecto.

O orzamento e un orzamento estimado da actividade, polo que, como consecuencia da execución da actividade subvencionada poderanse producir desviacións nos conceptos que o integran, podendo ser compensados uns con outros, sempre que do análise do conxunto da documentación xustificativa se deduza o cumprimento do obxecto do convenio, e sempre que estas desviacións non teñan tal entidade que supoñan a alteración das condicións estipuladas neste convenio para a concesión da subvención.

#### **SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á Protección das Persoas Físicas, así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, no que respecta ao tratamento de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos no presente convenio e nos seus anexos, incorporaranse a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade de poder atender os compromisos xerados pola relación que mantemos con esta entidade. Así mesmo, informámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade e revocar este consentimento, segundo o previsto na lei mediante un escrito dirixido ó Excmo. Concello de Santiago de Compostela como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago de Compostela para o ano 2022 e Bases de execución do Orzamento Xeral do Excmo. Concello de Santiago para o ano 2022. Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.